



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

## BORRADOR ACTA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE 21/07/2009 ACTA Nº7

### ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE  
D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG  
D Hector Ledo Rodríguez, grupo PSOE  
D. Xosé Ledo Fernández, grupo PSOE  
Dª Mª Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE  
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG  
Dª. Olga Otero Gómez, grupo BNG  
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP  
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.  
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP  
Dª. Mª Cándida Carneiro Blanco, grupo PP  
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

### Ausentes:

Dª Mª Isabel Gómez Seijas, grupo PP, que xustificou a súa ausencia.

### SECRETARIO:

D. Rafael del Barrio Berbel.

### INTERVENTORA:

Mónica Legaspi Díaz

No salón de sesións da casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as trece horas do día vinteun de xullo de dous mil oito, reuníronse logo de convocatoria en legal forma practicada os señores concelleiros e concelleiras que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o secretario, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria urgente en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a

### ORDE DO DÍA:

#### 1º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS CON ENDEBEDAMENTO EXTERNO SEGÚN RDLEI 5/2009, DE 24 DE ABRIL.

Visto o informe da Intervención que acompaña á liquidación do Orzamento de 2008.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Visto o informe da Intervención que acompaña ó Orzamento do exercicio 2009.

Visto o informe da Intervención que acompaña este expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito por importe de 606.005,80 euros.

Visto o plan de saneamento que acompaña este expediente, segundo o establecido no Real Decreto Lei 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinariase urgentes para facilitar ás Entidades Locais o saneamento das débedas pedentes de pago con empresas e autónomos.

Considerando o disposto na Lei de Facendas Locais, RDL 2/2004, de 5 de marzo, no RD 500/90, na Lei 7/85, de 2 de abril, e no artigo 53.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de facenda do día 17/07/2009.

Aberto o debate pola Presidencia, o Concelleiro de Facenda e Réxime Interior, D. Xosé Ledo Fernández, explica que o expediente consiste nun recoñecemento extrajudicial de créditos por importe de 606.000 euros correspondentes a facturas dos anos 2006, 2007 e 2008, quedando por recoñecer facturas por importe de 480.000 euros, dos cales 80.000 serían do ano 2006 e 400.000 do ano 2007, que se intentarán liquidar en 3 ou 4 anos polo que haberá que reducir os gastos ao máximo. Sinala que algunhas facturas quedaron pendentes por non estar claras, estar sen concretar e con duplicidades, polo que haberá que revisalas primeiro co anterior equipo de goberno e unha vez estea todo claro recoñecelas e aprobalas cando a situación económica do Concello permítalo.

O Tenente de Alcalde, D. Ildefonso Piñeiro Díaz, explica que este recoñecemento extrajudicial de créditos finánciase cunha operación de crédito ao amparo do Real Decreto Lei 5/2009, que é unha medida para favorecer a situación económica e evitar o atraso nos pagos e a falta de liquidez das pequenas e medianas empresas e autónomos, para que todos os provedores poidan cobrar canto antes. Sinala tamén que segundo os criterios da FEGAMP estas medidas axudan un pouco pero non resolven o problema de fondo do financiamento municipal, que precisa unha reforma integral do modelo fiscal igual que se fixo coa repartición autonómica, de forma que sexa máis xusto e igualitario para os concellos. En canto á operación de endebedamento explica que se eleva a máis de 600.000 euros a devolver en seis anos, e que as facturas dúbidasas de 2006 e 2007 revisaranse para detectar anomalías e aprobalas en plenos posteriores. En canto ao prazo de amortización, critica que o Real Decreto Lei establece só seis anos, dado que o Concello queda moi limitado durante estes anos. Para rematar, agradece o traballo ben feito dos servizos económicos do Concello e da Interventora neste expediente, sobre todo logo das declaracións dalgún membro do partido popular respecto dos soldos dos funcionarios, afirmando que a profesionalidade e o traballo ben feito non teñen prezo.

O portavoz do grupo PP, D. Manuel L. Varela Rodríguez, pregunta ao equipo de goberno porqué non se liquidou todo o do ano 2006 e 2007 para deixar eses anos limpos. En calquera caso, valora positiva a medida porque permite emendar deficiencias de anos anteriores, aínda que sinala que o prazo de amortización é curto e debería de ser de polo menos 12 ou 15 anos. En canto á autonomía financeira das entidades locais, apunta que xa se realizou a primeira descentralización cara ás comunidades autónomas, e agora esta por facer a segunda descentralización desde as comunidades autónomas ás entidades locais, o que habería que discutir e esixir desde a FEGAMP e a FEM para que os concellos deixen de ser os irmáns pobres doutras administracións que prestan todo tipo de servizos que non lles corresponden. En canto aos comentarios dalgún membro do partido popular, sinala que non sabe nada respecto diso, e que cada un ten que ser responsable do que di. Para rematar, conclúe



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

afirmando que o seu grupo vai votar a favor para aprobar o expediente por unanimidade, xa que parte desa facturación corresponde á súa etapa de goberno.

O Sr. Ledo agradece o apoio do grupo PP a este expediente e aclara que quedaron pendentes facturas dos anos 2006 e 2007 porque primeiro tiñan que recoñecer o gasto que xeraron. Sinala tamén que son responsables do pago desta operación de endebedamento en seis anos, e que van pór en práctica medidas para restrinxir o gasto e xerar o maior número de recursos para facer fronte a esta débeda dada a situación económica tan complicada.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 606.005,80 euros.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de endebedamento financeiro por importe de 606.005,80 euros.

TERCEIRO.- Aprobar o plan de saneamento por importe total do endebedamento.

## **2º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO DÍA 15/01/2009 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL “OS ACIVROS”.**

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Resultando que por acordo plenario do día 29/06/2009 aprobouse definitivamente o expediente de modificación puntual do SUP-2 para a conexión coa ampliación do Plan Parcial do SUP-2 de solo urbanizable programado do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Chantada para a conexión da súa rede viaria coa ampliación do parque empresarial de “Os Acivros”.

Visto que no informe previo e preceptivo emitido en sentido favorable á modificación puntual xa mencionada, pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en virtude da delegación de competencias efectuada por Orde do 11 de maio de 2009, afirmase que a presente modificación realiza o rediseño da estrutura viaria do Plan Parcial aprobado con data 17/06/1987, que deu lugar ao parque empresarial existente creando unha rotonda e máis un novo tramo de vial para o seu entronque coa rúa principal do Plan de Sectorización aprobado con carácter definitivo en sesión plenaria de data 15/01/2009, co que ámbolos dous sectores quedan axeitadamente conectados.

Considerando a atribución concedida o Pleno no artigo 22.2 c) da Lei 7/85, do 2 de abril (LBRL).

Dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de facenda do día 17/07/2009.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

UNICO.- Ratificar en tódolos seus extremos o acordo plenario adoptado na sesión plenaria do día 15/01/2009, polo que aprobouse definitivamente o Plan de Sectorización Industrial para a ampliación da Area Industrial Os Acivros de Chantada (SUNP 1/A).

## **TRAMITE DE URXENCIA**

En cumprimento do disposto no artigo 91.4 e 82.3 do ROF, a Presidencia preguntou os concelleiros se tiñan algún asunto para sometelo a consideración do Pleno, por razóns de urxencia.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. alcalde xustifica a urxencia do expediente de “Recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2009 financiado con recursos propios con cargo ó exercicio 2009”, na necesidade de recoñecer unhas facturas dunha imprenta do ano 2006 que quedaron sen aprobar e non se incluíron na operación de endebedamento, polo que habería que recoñecelas extraxudicialmente para abonalas con fondos propios.

Sometida a votación a urxencia é aprobada por unanimidade.

## **RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITOS 3/2009 FINANCIADO CON RECURSOS PROPIOS CON CARGO Ó EXERCICIO 2009.**

Visto o informe da Intervención que acompaña á liquidación do Orzamento de 2008.

Visto o informe da Intervención que acompaña ó Orzamento do exercicio 2009.

Visto o informe da Intervención que acompaña este expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 3/2009 por importe de 8.117,01 euros.

Considerando o disposto na Lei de Facendas Locais, RDL 2/2004, de 5 de marzo, no RD 500/90, na Lei 7/85, de 2 de abril, e no artigo 53.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 8.117,01 euros con cargo á partida 121.220.00 do estado de gastos do orzamento vixente para o ano 2009.

E sendo as trece horas e trinta minutos, e tendo cumprido ou obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 21 de xullo de 2009

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel